

## CRITERIOS PARA PERMITIR A UN ALUMNO DO GRAO EN ENXEÑARÍA DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN O RECOÑECIMENTO COMO CURRICULARES DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

Os alumnos que fan prácticas extracurriculares poden transformalas en curriculares sempre que foran feitas cumprindo os requisitos esixibles ás últimas.

O procedemento habitual será que o alumno, unha vez matriculado da/s materia/s “Prácticas en Empresa”, solicite que as prácticas extracurriculares evaluadas sexan transformadas en curriculares e incorporadas no seu expediente coa correspondente cualificación.

Existe un caso particular, que o conforman aqueles alumnos que cumpran as seguintes condicións:

- Fixeron prácticas extracurriculares
- Cumpren os requisitos para prácticas curriculares
- Atópanse nos supostos de aceptación de matrícula ampliada (podendo, pois, matricularse de máis dos 60 ECTS anuais recomendados)
  - Non poden matricularse do TFG porque sobrepasarían o límite de matrícula
  - De ver recoñecidos 6 ou 12 ECTS de prácticas en empresa xa poderían matricularse de tódalas materias que lles restan para completar o Grao

Nestes casos, permitiríase recoñecer, previamente á matrícula, 6 ou 12 ECTS por Prácticas en Empresa, garantindo que cumpran as condicións das curriculares, de xeito que (cos marxes de matrícula ampliada) podan rematala titulación no curso no que se matriculan.